

Revista Crítica Penal e Poder 2016, nº 10

Marzo (pp.123- 133) Observatori del Sistema Penal e els Drets Humans Universitat de Barcelona

SISTEMA DE REXISTRO E COMUNICACIÓN DA VIOLENCIA INSTITUCIONAL

(SIRECOVI)

REGISTRATION AND COMMUNICATION SYSTEM OF INSTITUTIONAL VIOLENCE

(SIRECOVI)

Observatori del Sistema Penal e els Drets Humans (1)

Universitat de Barcelona

RESUMO

Este artigo elaborado polo Centro de Investigación da Universidade de Barcelona, Observatori del Sistema Penal e els Drets Humans, pretende presentar o deseño e funcionamento dunha ferramenta que poida servir de axuda e denuncia en supostos de violencia institucional. Desde o interese superior de protección ás vítimas que puiden ser obxecto deste tipo de violencia foi creado e desenvolvido un sistema de rexistro e comunicación destas situacións en aras á eficiente e rápida resposta que poidan ser ofrecidas a estas vítimas. Así, sen tratarse en ningún caso dunha ferramenta procesual, preténdese que todas aquelas institucións, organizacións ou actores que teñan que ver no desencadeamento dos feitos, na defensa dos dereitos das vítimas ou na protección e promoción dos dereitos fundamentais das persoas, tanto no ámbito autonómico, nacional e/ou internacional, poidan ter coñecemento da situación, con expreso consentimento do afectado/a, e, por tanto, tomar as medidas necesarias que foren do caso e da súa competencia.

Palabras chave: Tortura, Denuncia, Dereitos Humanos

ABSTRACT

This article prepared by the Research Centre of the University of Barcelona, Observatory of the Penal System and Human Rights, it aims to present the design and operation of a tool that can assist and denouncing in cases of institutional violence. From the interests of protection for victims who may be subject to this type of violence The Observatory has created and developed a system of recording and reporting of these situations in order to efficient and fast response that can be offered to these victims. So, without trying in non event a procedural tool, it is intended that all institutions, organizations or actors that relate in triggering events, in defending the rights of victims or the protection and promotion of fundamental rights of individuals, both at the rexional, national and / or international level, they may be aware of the situation, with the express consent of the affected,, and, therefore, to take the necessary measures to be the case and its competence.

Key words: Torture, Denunciation, Human Rights

INTRODUCCIÓN

A 31 anos da aprobación da Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e Outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes, os actos de violencia nos espazos de privación de liberdade, continúan existindo de maneira persistente. A permanencia de situacións de tortura en ¾ partes do mundo (*Amnistía Internacional*, 2014 (2)), require de propostas creativas que representen solucións reais para a prevención, reacción e sistematización dos casos. A definición de tortura universalmente aceptada é aquela contida na Convención contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes, aprobada no ano 1984 pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, establecendo no seu artigo primeiro:

“Para os fins da presente Convención, o termo «tortura» significa calquera acto por medio do cal unha dor ou sufrimentos agudos, físicos ou mentais, son intencionalmente causados a uma persoa

cos fins de, nomeadamente, obter dela ou dunha terceira persoa informacións ou confesións, a punir por un acto que ela ou unha terceira persoa cometeu ou se sospeita que teña cometido, intimidar ou presionar esa ou unha terceira persoa, ou por calquera outro motivo baseado nunha forma de discriminación, desde que esa dor ou eses sufrimentos sexan inflixidos por un axente público ou calquera outra persoa axindo a título oficial, a súa instigación ou co seu consentimento expreso ou tácito. Este termo non comprende a dor ou os sufrimentos resultantes unicamente de sancións lexítimas, inherentes a esas sancións ou por elas ocasionados”.

Mais, alén da noción ontolóxica do termo, procuramos avanzar na abordaxe da tortura, entendéndoa como un fenómeno social de carácter multidimensional (3). As diversas institucións que traballan no campo demostraron que, a pesar dos numerosos instrumentos internacionais vixentes, a tortura e os tratos inhumanos e degradantes, lonxe de seren fenómenos excepcionais continúan presentes na xestión dos espazos de privación de liberdade, aínda en contextos democráticos en Estados de dereito. Con todo, a actual dimensión do fenómeno é aínda descoñecida, especialmente no que se refire a documentación de casos concretos, as circunstancias e frecuencias en que estes se desenvolven e a canle que os mesmos toman ao seren comunicados e/ou denunciados.

O *Observatori del Sistema Penal e els Drets Humans* (OSPDH) da Universidade de Barcelona, ao longo dos seus 15 anos de traballo na investigación do funcionamento das institucións do sistema penal e na promoción dos dereitos humanos, identificou graves ineficiencias nas respostas concretas e inmediatas perante casos de violencia institucional e de tortura. Súmanse a iso as dificultades para obter información completa e actualizada sobre as dimensións reais do fenómeno, representando os datos existentes unicamente a punta do iceberg. En aras a sufragar esas deficiencias a Unidade de Proxectos e Innovación da área de Privación de liberdade e dereitos humanos do OSPDH, deseñou un Sistema de Rexistro e Comunicación da Violencia Institucional (SIRECOVI), que de forma integrada pretende incidir sobre os puntos críticos identificados para, a través da sistematización, seguimento e comunicación das situacións detectadas, previr revictimizacións das persoas afectadas e a comisión de novos casos.

Desde o SIRECOVI acollémonos á definición de Violencia Institucional achegada pola Secretaria Rexional de América Latina para o estudo sobre a violencia contra nenas, nenos e adolescentes (2006:54)⁴, entendendo por ela as diferentes formas de violencia practicadas polas institucións do Estado -os seus órganos e axentes- en función do mantemento da lei e a orde. Deste xeito considéranse manifestacións de Violencia Institucional tanto accións directas exercidas polos funcionarios do Estado ou de quen se encontra en exercicio de funcións ou por mandatos destes, como aspectos de tipo estrutural ou situacional que, a pesar de non supor un dolo específico, son o resultado da pasividade das autoridades do poder político e institucional.

O sistema aquí presentado expón os seguintes obxectivos-metas:

- Fortalecer os esforzos institucionais encamiñados á protección e rehabilitación das vítimas da violencia institucional.
- Mellorar a cooperación e articulación entre organizacións de dereitos humanos en relación á prevención da tortura, incrementando o seu potencial.
- Formular recomendacións para a toma de decisións de políticas públicas e promover reformas democráticas baseadas en información actualizada, confiábel e sistematizada sobre as situacións de risco que xeran maior vulnerabilidade en persoas detidas.
- Construír coñecemento comparado sobre a conceptualización e extensión da tortura e os tratos crueis, inhumanos e degradantes.

Funcionamento do sistema e desenvolvemento das ferramentas

O SIRECOVI estrutúrase en tres ferramentas diferenciadas que no seu conxunto permitirán (i) obter un diagnóstico da situación da violencia institucional no contexto en que se apliquen, (ii) desenvolver un sistema comunicacional con organismos nacionais e internacionais segundo os seus mandatos e competencias (iii) cartografar as situacións detectadas a través dun mapeo de libre consulta e (iv) desenvolver unha base documental multi-fontes para a mellora continua do propio sistema así como insumo para outros beneficiarios.

É importante sinalar que o sistema presentado non constitúe ningún mecanismo procesual relativo aos feitos que detecte senón que se trata dun dispositivo comunicacional especialmente centrado na protección das vítimas de violencia institucional que pretende, entre outros aspectos, potenciar un uso rápido e áxil dos organismos internacionais de protección de dereitos humanos.

As tres ferramentas deseñadas conforman un sistema articulado e integrado orientado de maneira conxunta a cumprir os obxectivos sinalados. Estrutúrase en: 1) Sistema de alerta e comunicación; 2) Cartografía e 3) Centro Aberto de Documentación. Na súa totalidade, o sistema funcionará a través de procedementos estandarizados que garantirán a eficiencia na resposta inicial ante a recepción da denuncia, así como a uniformidade na xestión dos casos e a sistematización dos mesmos.

1.- Sistema Internacional de Alerta e Comunicación (ICAS, pola súa acrónimo en inglés)

A primeira ferramenta consiste nunha aplicación de xestión que permite articular a activación, notificación e seguimento a través dun *software* de manexo exclusivo. A ferramenta permite desde a recepción dunha situación violenta á notificación institucional ás diversas instancias con competencia na materia; pasando por un rexistro exhaustivo da situación presentada e seguido dun seguimento posterior e multidireccional do caso (de recepción e transmisión de información entre os distintos actores comprometidos).

A ferramenta do ICAS permite intervir nunha dobre dimensión, tanto preventiva como reactiva; estratexia que responde á existencia de dúas posibles situacións:

- i) Perigo potencial de sometemento dunha persoa a malos tratos ou torturas (dimensión preventiva, ante unha situación de risco detectada)
- ii) Acto de violencia institucional consumado ou en marcha (dimensión reactiva)

1.1. Activación

O ICAS actívase cando o OSPDH recibe unha denuncia por torturas ou tratos inhumanos ou degradantes acontecidos en espazos de privación da liberdade. A comunicación ou o aviso pode provir da propia vítima, os seus familiares, avogado e/ou ONGs, xa sexa por medios físicos ou electrónicos.

Para proceder á activación da ferramenta, o OSPDH “pulsará un botón vermello” de alerta previo ao cal se deberá contar sempre co consentimento outorgado (e debidamente informado) de quen comunica o feito, respectando tanto os principios éticos e legais, como o dereito á presunción de inocencia do vitimario.

1.2 Ficha de caso

Unha vez obtida suficiente información do caso, cumprimentarase unha ficha en que se desagregarán as características da situación pola que o sistema se activou. Este instrumento, xunto


co seguimento das respostas dos organismos receptores da comunicación, xerará un banco de datos de carácter interno. Os datos serán tratados unicamente polo OSPDH, conforme ás normativas de protección de datos persoais rexionais e nacionais aplicabeis e mantendo a confidencialidade da información protexida por lei. É dicir, dependendo da sensibilidade do dato, serán aplicadas diferentes medidas organizativas e técnicas destinadas a garantir a seguridade dos mesmos.

1.3 Notificación Institucional

En simultáneo coa tarefa de alimentación da “ficha de caso”, dáse inicio ao procedemento de comunicación inmediata ás institucións competentes que deben responder o caso; así como a organizacións públicas e de defensa dos dereitos humanos. Os comunicados faranse chegar por vías formais e escritas; mediante un documento estandarizado (bi ou tri-lingüe), previamente deseñado e axustado ás respectivas facultades e competencias dos destinatarios.

A modo de exemplo no ámbito español, os posibles receptores das comunicacións se subdividen en tres ámbitos diferenciados: rexional ou autonómico, nacional e internacional. No ámbito rexional constituirían posibles receptores os *Ombudsman* autonómicos, organizacións locais de dereitos humanos, colexios de avogados, administracións propias dos corpos policiais autonómicos e municipais, Xuíz de Vixilancia Penitenciaria; autoridades parlamentares competentes, a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias no caso de Cataluña, etc.


No ámbito nacional, atoparíamos a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, a Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura, entre outras organizacións nacionais de defensa dos Dereitos Humanos. Por último, no ámbito Internacional, os organismos comunicados serán o Sistema Universal (NN.UU.), rexional (*Inter Americano e Europeo*) e as Organizacións Internacionais de Dereitos Humanos (ex: *Rede Eurolatinoamericana de Prevención da Tortura e a Violencia Institucional, Amnistía Internacional, Rights International Spain, European Prison Observatory, Asociación para a Prevención da Tortura*, etc.).



Fonte: elaboración propia, no cadro da convocatoria *Horizon 2020- EU Research and Innovation Programme*

2.- Cartografía

Unha segunda ferramenta, que se desprenderá da anterior, consistirá nun mapa dixital que permita identificar a distribución xeográfica dos casos detectados polo ICAS; acompañado dunha descrición adxunta das circunstancias e o lugar onde se registrou o caso (respectando sempre a confidencialidade que cada situación demande), para intervir deste xeito sobre a “cifra negra” que habita na dimensión real da tortura. Esta ferramenta será de consulta pública a través dunha páxina web cuxa estética pode ser exemplificada na seguinte imaxe:



Fonte: elaboración propia, en base a datos do Informe da *Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura* (2013). Para o devandito ano, o organismo registrou 547 persoas afectadas en todo o territorio de España.

Compre esclarecer que dúas situacións dun total de 20 persoas afectadas, rexistráronse nos dous territorios onde se ocasionaron os feitos (comezaron en Euskal Herria continuaron en Madrid); sen aparecer o número de persoas duplicado na sumatoria total.

3.-Centro Aberto de Documentación


A terceira ferramenta do sistema está especialmente focada a resolver a problemática da carencia de información sistematizada en base a criterios unificados e metodolóxicamente rigorosos, que constitúe na actualidade un recorrente obstáculo para o labor de ONGs, institucións públicas e para os mesmos Mecanismos de Prevención da Tortura. Obstáculos que, consecuentemente inciden nas instancias de decisión política, produto do descoñecemento da dimensión real do fenómeno da Violencia Institucional.

O *Centro Aberto de Documentación* (ODC, polas súas siglas en inglés) conterà os relatorios de labor analítico elaborados cos insumos do ICAS, así como unha recompilación e sistematización de información na materia, proveniente de fontes externas e normativa específica de carácter nacional

e internacional; informes elaborados por organismos públicos e da sociedade civil desde as súas experiencias prácticas e de monitoreo e rexistros parciais e locais de casos dispoñibles ao momento.

Esta ferramenta admite, á súa vez, a elaboración dun Thesaurus; é dicir un manual de terminoloxía, que delimite as unidades de análises co obxectivo de contribuír ao debate conceptual no campo dos dereitos humanos.

Esquema do funcionamento do Sistema de Rexistro e Comunicación da Violencia



Institucional. Beneficiarios das ferramentas

Pola complexidade do fenómeno que se aborda, a implementación das ferramentas que compoñen o sistema aquí presentado, terá efectos a diferentes niveis. Nun nivel inmediato, o impacto recaerá sobre as vítimas da violencia institucional, asumindo, a través da activación do ICAS, a tarefa de mitigar as situacións de risco de comisión de tratos crueis e degradantes, do mesmo xeito que facendo efectivo o dereito de acceso á xustiza.

Nun nivel máis xeral, a posibilidade de contar con información rigorosa e sistematizada nunha base de datos de acceso público, xerada por insumos externos – mais principalmente producida por un relevamento propio- impactará nos operadores do sistema penal e na comunidade académica, que achan recorrentemente un vacuo nas fontes de información a través das cales acceder a cifras concretas e coñecer as características dos casos.

Traballo en Rede

O carácter social e político do fenómeno en cuestión require que o sistema se execute en interacción e cooperación con institucións públicas e organizacións sociais que traballan na materia. Neste sentido, procúrase unha dobre dirección de interlocución.

Dun lado, o sistema nutrirase da documentación, investigación e reflexións no campo dos dereitos humanos, tomándoos como antecedentes aos que se accederá mediante un traballo de revisión

bibliográfica. Por outro, os resultados da posta en práctica destes elementos axudarán a canalizar, aproveitar e xuntar esforzos cara á prevención da violencia institucional.

As seguintes son algunhas das organizacións e/ou organismos que poderán asociarse á presente proposta:

- *Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura*: plataforma integrada por organizacións sociais, colexios profesionais e universidades que desde hai máis de dez anos dedican os seus esforzos á loita contra a tortura no Reino de España, a través de innumerabeis iniciativas (persoais, colectivas, asistenciais, de denuncia, de reflexión e estudo, de relevamento e rexistro de casos, de interlocución con institucións nacionais e internacionais).

- *Amnistía Internacional*: universalmente recoñecida como unha das principais organizacións internacionais que desenvolveu sistemas comunicacionais de situacións de violencia institucional asociadas ao presente sistema, cuxa cooperación resulta indispensable para a boa execución do mesmo.

- *Rede Euro Latinoamericana para a Prevención da Tortura e a Violencia Institucional (RELAPT)*: estrutura internacional de traballo, acción e difusión ao redor da realidade dos sistemas de privación de liberdade e da violencia institucional de América Latina e o Reino de España, a través das actividades expostas por cada un dos seus mandatos político, académico, preventivo e de comunicación e difusión. Integrada por institucións públicas, académicas e organismos da sociedade civil de oito países en América Latina en articulación co Reino de España, conforma un espazo propicio para o uso e o seguimento das ferramentas aquí propostas.

- *Rights International Spain*: organización de acreditada traxectoria, tanto a nivel nacional como internacional, na súa constante interlocución co Estado Español acerca dos dereitos fundamentais recoñecidos no Estado.

- *Consell de Col.legis d'Advocats de Catalunya e Consello Xeral da Avogacía Española*: especialmente, a través das súas respectivas quendas de oficio penal e penitenciario e dos seus Servizos de Orientación e Asistencia Xurídico-Penal.

Avances e escenarios

O Sistema de Rexistro e Comunicación presentado neste documento, foi deseñado polo OSPDH, no cadro do proxecto *Horizon 2020* da Comisión Europea, achándose actualmente nunha etapa inicial de desenvolvemento, con avances no plano de implementación e difusión entre entidades e institucións que traballan na materia.

En primeiro lugar, a área de Privación de liberdade e Dereitos Humanos do *Observatori* (a través da Unidade de Proxectos e Innovación), asume actualmente a tarefa de recibir casos manifestos de violencia institucional, realizando derivacións segundo as particularidades que presente, cun posterior seguimento do caso.

A nivel local, presentouse o proxecto do sistema de ferramentas ao Ajuntament de Barcelona, a cargo de Mónica Aranda. A nivel internacional, realizáronse proxectos de implementación das ferramentas, até o momento en dous contextos particulares: Costa Rica e Arxentina, nun traballo conxunto coas institucións das Defensas Públicas e profesionais do *Observatori*, a cargo de María Celeste Tortosa. Así mesmo, foi presentado na Defensa Pública de Costa Rica, na Universidade de José C. Paz (Arxentina), con Raúl Eugenio Zaffaroni e será presentado en febreiro do 2016 no III Encontro Internacional da RELAPT por Alejandro Forero, María Celeste Tortosa e Iñaki Rivera en

San José (Costa Rica).

Foi levado a cabo, tamén, un significativo número de presentacións ao longo do ano, non só en materia de difusión senón ademais, e principalmente, de sondaxe das posibilidades de acción en cada contexto. A nivel local, Iñaki Rivera Beiras fixo presentacións ante a *Coordinadora Catalá per a la Prevenció de la Tortura*, o *Ajuntament* de Barcelona, o *Consello Xeral da Avogacía Española*; a *Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura*, *Amnistía Internacional* e ante a Sección Dereito Penal do CGAE. Así mesmo, está prevista a súa exposición nas Xornadas dos Servizos de Orientación e Asistencia Xurídica Penal, por Carlos García Castaño, en Pamplona e nas Xornadas sobre 25 anos da *Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía*, na cidade de Sevilla.

Avaliación e transparencia

Pensando na proxección das ferramentas a longo prazo, será fundamental que o deseño do sistema, o seu funcionamento e impacto estean suxeitos a unha constantes avaliacións de carácter interno e externo, a respecto do seu obxectivo central de prever e actuar sobre as situacións de violencia institucional. Para ese efecto, serán planificadas xornadas de expertos e seminarios de intercambio, para pensar de maneira crítica as fortalezas e axustes que o sistema requira.

Á súa vez, será imprescindible unha tarefa de difusión dos avances, achados e accións concretas realizadas no cadro xeral de desenvolvemento do sistema. Con este propósito prevese a elaboración de Relatorios Anuais que dean rexistro e valoración das situacións detectadas e comunicadas; así como das respostas e decisións institucionais adoptadas. As ferramentas da cartografía e o Centro de Documentación, pola súa banda, estarán en permanente actualización e serán publicadas na páxina web, destinada especialmente a tal fin.

Compre salientar que o Sistema de Rexistro e Comunicación da Violencia Institucional, conta cun comité de validación, integrado por recoñecidos expertos na protección de dereitos humanos de países de Europa e América Latina: Pat Carlen (UK), Stella Maris Martinez (Arxentina), Marta Iris Muñoz Cascante (Costa Rica), Lola Aniyar de Castro (Venezuela), Mauro Palma (Consello de Europa), Raúl E. Zaffaroni (Corte Interamericana de Dereitos Humanos), Luigi Ferrajoli (Italia).

NOTAS

1 Documento elaborado por Alejandro Forero, Cristina Gares, Natalia Giraldo, Sheila Marin, Lucia Morais, Iñaki Rivera, María Celeste Tortosa, Mónica Aranda.

2 Amnesty International, *Stop Torture Campaign 2014* (<https://www.amnesty.org/en/getinvolved/stop-torture/>)

3 Con iso facemos referencia a que a noción de tortura excede os malos tratos físicos entendendo como tal prácticas como os traslados recorrentes e gravosos, as requisas violentas, a falta e/ou deficiencia no Sistema de rexistro e comunicación da violencia institucional (SIRECOVI).